

ANUNCIO

ASUNTO: Derrogación do Regulamento da organización e funcionamento do servizo de comedor sobre rodas no Concello de Santa Comba.

Expediente TeDEC: 2023/A008/000041

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 22 de marzo de 2024 aprobou o seguinte acordo extractado:

<<

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Santa Comba para o desenvolvemento do programa "Xantar na Casa"

Segundo.- Facultar ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e sinatura do referido convenio.

(...)

Cuarto.- Derrogar o regulamento municipal: Regulamento da organización e funcionamento do servizo de comedor sobre rodas na data da entrada en vigor do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Santa Comba para o desenvolvemento do programa "Xantar na Casa" no Concello de Santa Comba.

>>

De acordo co decreto de alcaldía núm. 622/2024, do 24 de abril, o Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Santa Comba para o desenvolvemento do programa "Xantar na Casa" entrou en vigor o 25 de abril de 2024.

Santa Comba, 15 de maio de 2024.

O alcalde

Alberto Romar Landeira